



A “lexislatura do profesorado” da ministra Alegría non arranxa: a CIG-Ensino exige medidas efectivas e inmediatas para mellorar a profesión docente

O sindicato aléxase de que os sindicatos estatais asuman a integración no subgrupo A1 de todo o profesorado, unha iniciativa que xa promoveu a CIG en abril de 2022 e critica ao Ministerio por non tomar ningunha iniciativa.

En **xaneiro de 2022** o Ministerio de Educación presentou un documento denominado “**24 propostas para a mellora da profesión docente**”. En resposta a aquel documento a **CIG-Ensino presentou unha serie de demandas** que o sindicato maioritario en Galiza entendía como fundamentais se realmente se pretendía dar resposta ás necesidades do profesorado.

Daquel movemento ministerial non quedou absolutamente nada. Á vista da falta de actuación do Goberno estatal, **a CIG-Ensino promoveu unha campaña de sinaturas** entre o profesorado galego para trasladarlle á ministra entre outras cuestións, a solicitude da apertura dunha negociación para **a integración de todo o profesorado no subgrupo A1**, logo da iniciativa do propio Goberno de integrar o profesorado do corpo de PTFP e no camiño do que a CIG-Ensino sempre defendeu de cara ao **corpo único de docentes**.

A campaña, que en tan só mes e medio foi apoiada por máis de 7.000 docentes, foi presentada ao Ministerio no mes de xuño de 2022.

A resposta do Ministerio non se fixo demorar e aos quince días indicóusenos textualmente que “**se ben semellante finalidade [a integración xeral no subgrupo A1] non pode descartarse nun futuro, actualmente non conforma un obxectivo inmediato da política de persoal docente do Ministerio**”.

Alegría asegura que esta é a lexislatura do profesorado mais non dá ningún paso adiante

En **xaneiro de 2024** a ministra Pilar Alegría, na súa primeira comparecencia no Congreso após ser confirmada no cargo, puxo o profesorado no centro das políticas a desenvolver polo seu Ministerio. Tres meses despois non hai ningunha nova nin convocatoria para comezar a negociar.

Polo camiño vén de aprobarse no Congreso a **Lei de ensinanzas artísticas superiores** e nela inclúese, aínda que dun xeito que a CIG-Ensino considera limitante, **a integración no corpo de profesorado (subgrupo A1) do profesorado do corpo de mestres/as de taller de artes plásticas e deseño**. Con esta nova modificación, **o profesorado dos corpos de mestres/as e de profesorado especialista de sectores singulares de FP serán os únicos que se manteñen no subgrupo A2**.

A CIG-Ensino ve con bos ollos que nestes meses, despois das declaracións da ministra, diferentes sindicatos estatais teñan iniciado campañas e publicado comunicados demandando o mesmo que a CIG-Ensino leva demandando desde sempre e no que se reafirmou hai agora dous anos.

En todos estes meses o Ministerio non avanzou absolutamente nada e só convocou unha Mesa Docente para tratar a modificación do real decreto do concurso xeral de traslados.

A CIG-Ensino criticou na reunión co Ministerio que non presentase ningunha proposta e reiterou cales son as cuestións fundamentais que deben ser incorporadas nunha hipotética negociación para dar saída ás xustas demandas do profesorado.

Que debería facer o MEFPD para cumprir o compromiso de que esta sexa a lexislatura “do profesorado”?

- ▶ **Integración de todo o profesorado no subgrupo A1.** É unha plena competencia estatal. Non hai excusas. Nin polos precedentes de integración dalgúns corpos nin pola titulación exixida. A integración, sen ningún tipo de exclusión, é a nosa opción prioritaria, como vimos defendendo desde hai anos.
- ▶ Tendo en conta a experiencia da integración do corpo de PTFP en PES e a que se fará para Mestres/a de taller en Profesorado de artes plásticas e deseño, somos conscientes dos problemas que o Goberno puxo á hora de integrar docentes sen titulación universitaria, polo que no caso de que non se promulgue unha lei de integración xeral, debe regularse -de común acordo coas CC.AA. na Conferencia Sectorial-, unha **cláusula de equiparación salarial mentres a integración non se poida producir por cuestións de titulación**, evitando discriminación cando as funcións docentes son as mesmas e respectando o principio de “igual traballo, igual salario”.
- ▶ Negociación dunha **nova regulación dos niveis do complemento de destino do profesorado**, que permita superar os niveis actuais, co deseño dunha **carreira profesional que permita a progresión e mellora dentro da mesma etapa educativa na que se traballa.**
- ▶ Regulación da redución das ratios actuais en todas as ensinanzas, coa **fixación dunhas ratios máximas para cada etapa educativa**, previa modificación do artigo 157 da LOE.
- ▶ Negociación dun **novo sistema de ingreso e acceso na función pública docente**, cunha fase de oposición na que teñan un maior peso as capacidades e destrezas docentes, evitando que siga sendo a competencia científica e memorística a que prime e reforzando a obxectividade nas probas, ampliando en todas as fases que sexa posíbel o **anonimato** das persoas aspirantes e **reforzando o concurso** no conxunto do proceso selectivo, con **probos non eliminatorias** dentro da fase de oposición.
- ▶ Aplicación con **carácter de máximos do horario lectivo regulado como recomendación na Lei 4/2019.**
- ▶ **Regulación de ámbitos de afinidade vinculados ás especialidades docentes.** Calquera norma que se aprrobe a nivel estatal (desde os horarios lectivos ás atribucións docentes) debe ter un carácter de mínimos, evitando limitar aínda máis a capacidade das administracións autonómicas e da negociación colectiva dos sindicatos nas nosas Mesas de negociación.
- ▶ Negociación dunha **normativa de xubilación específica para o profesorado**, co obxectivo de que se poidan aplicar as normas agora só vixentes para o persoal de clases pasivas, sobre todo o **dereito á xubilación anticipada aos 60** cumprindo unha serie de requisitos, superando a división creada pola adaptación na función pública dos efectos das reformas das pensións pactadas polo Goberno español, CCOO e UGT.

Hai moitos aspectos relacionados coa mellora das condicións de traballo do profesorado e cos conseguíntes avances no ensino público que son materia de negociación exclusiva de cada comunidade. A CIG-Ensino nin acepta que se nos negue a capacidade de negociar en Galiza con imposicións políticas ou sindicais estatais nin vai entrar no xogo de presentar propostas que sabe que non poden ser negociadas no ámbito estatal.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal